

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 11 DE DECEMBRO DE 2015

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de acondicionamento interior dun local para tenda de roupa, sito na rúa Xelmírez, 13-Travesa da Conga, 8. (LIC/1258/2014). Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa á denegación de licenza para executar obras de construción dun alpendre e peche de finca no lugar de Pazos-Figueiras. (LIC /1903/2012). Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa á declaración de caducidade dos expedientes de licenza de obra e apertura dun garaxe privado sito na rúa Gómez Ulla, 5. (LIC/1852/2012 e LAP/421/2012). Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa á declaración do incumprimento do deber de urbanizar e incautación da garantía prestada para responder da urbanización do Pol.1 do SUNP-31.San Marcos. Acórdase declarar o incumprimento do deber de executar a urbanización completa do ámbito do Plan Parcial do 1º sector do SUNP-31 de San Marcos, asumido pola Xunta de Compensación do polígono, así como por Inmobiliaria Outeiro de Sar S.L. Ademais, acórdase convalidar a execución da garantía prestada para responder da urbanización do polígono (aval bancario por importe de 507.099,86 euros).

6.- Proposta do alcalde relativa á adxudicación do contrato de "Subministración de equipamento de mobiliario para o novo Local Sociocultural do Romaño". Apróbase a proposta.

7.- Proposta do alcalde relativa á recepción das "Obras para a mellora e pavimentación da Rúa 25 de Xullo". Apróbase a proposta.

8.- Proposta do alcalde relativa á recepción das obras de "Acondicionamento e mellora das pistas municipais nas parroquias de Santa Cristina de Fecha, San Xoán de Fecha e outras incluídas no POS 2014 da Excma. Deputación Provincial da Coruña". Apróbase a proposta.

9.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa ao traspaso das casetas da Praza de Abastos números "NC145" E "NC146", da titularidade de D. RAMÓN BUGALLO ALLER, a favor de Dna. GLORIA MARÍA COSTA OTERO. Apróbase a proposta.

10.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa ao traspaso das casetas da Praza de Abastos números "NC136" e "NC137", da titularidade de Dna. MARÍA DEL PILAR SÁNCHEZ GONZÁLEZ, a favor de Dna.YOLEIDA JOSEFINA CASTELLANOS BRACAMONTE. Apróbase a proposta.

11.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa ao expediente de concesión e pagamento das axudas dentro da convocatoria das axudas para a posta en marcha de novas liñas de negocio e ferramentas de xestión empresarial "URBANA SANTIAGO NORTE 2015".- LIÑA COMERCIO DE PROXIMIDADE. Apróbase a proposta.

12.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aprobación da xustificación e pagamento das axudas a empresas privadas da zona de actuación do programa URBANA SANTIAGO NORTE, para o financiamento de bolsas para o acceso a persoal especializado como vía de mellora da competitividade na anualidade 2015. Apróbase a xustificación e pagamento das axudas a un total de 26 empresas, por un importe total de 67.711,41 euros.

13.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á solicitude de subvención á Consellería de Economía, Industria e Emprego da Xunta de Galicia, ao abeiro da Orde do 16 de novembro de 2015, para a contratación de Axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2015. Acórdase solicitar unha subvención á Consellería de Economía, Industria e Emprego por importe de 28.295,85 euros

14.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á suscripción dun convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Confederación Galega de Persoas on Discapacidade (COGAMI), para levar a cabo un proxecto de actividades para persoas con discapacidade na anualidade de 2015. Apróbase po convenio, que suporá unha achega do Concello de 15.000 euros.

15.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á resolución de axudas económicas destinadas ao fomento do emprego, programa de apoio local ao emprego. Apróbase a proposta

16.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á aprobación da oferta de emprego do Concello para o ano 2015. Apróbase a proposta que, vistas as necesidades de recursos humanos, inclúe as seguintes prazas que se cubrirán mediante a incorporación de persoal de novo ingreso ou procedente de promoción interna:

- _3 Policías Locais en quenda libre
- _1 Policía Local en quenda de mobilidade
- _1 oficial da Policía Local en quenda de mobilidade
- _4 oficiais da Policía Local en quenda de promoción interna
- _3 inspectores da Policía Local en quenda de promoción interna
- _2 inspectores principais da Policía Local, en quenda de promoción interna
- _2 sarxentos do Servizo de Extinción de Incendios en quenda de promoción interna
- _8 administrativos en quenda de promoción interna
- _4 técnicos de xestión en quenda de promoción interna
- _4 técnicos de administración xeral en quenda de promoción interna

17.- Propostas da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativas á axudas do Programa Santiago Suma de Inclusión Social. Apróbase a concesión de axudas do programa Santiago Suma a un total de 11 beneficiarios, por un importe total de 17.100 euros para afrontar gastos relacionados co aloxamento, manutención ou pago de comedor escolar.

URXENCIAS

1.-Recoñecementos extraxudiciais de crédito. Acórdase levantar o reparo e recoñecer as obrigas de pago de facturas de subministro eléctrico por un importe total de 548.174,22 euros

2.-Proposta do concelleiro delegado de medio rural e presidente da mesa de contratación da licitación “obras de reparación da rúa Pedreira e anexas POS 2015” sobre a composición de dita mesa de contratación. Acórdase a composición da mesa que estará presidida polo concelleiro de Medio Rural, e terá como vogais a un representante de Compostela Aberta, outro do PP, un representante do PSOE, o xefe de servizo de obras e proxectos, a interventora xeral municipal e o director da asesoría xurídica municipal

3.-Proposta da concelleira delegada de Deportes, relativa á xustificación do primeiro prazo do convenio asinado entre o Concello e a SD Compostela para 2015. Apróbase a proposta.